

C

Compostela
Cultura

TEATRO PRINCIPAL



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

VENRES 4
XANEIRO 2019
20.30 h
Teatro Principal

Concerto de Reis

Paul Daniel Director



PROGRAMA

JOHANN STRAUSS II (1825-1899)

O Morcego, Abertura (9´)

Salve Hungría!, op. 332 (3´)

Polca No Bosque Krapfen, op. 336 (4´)

Vida de artista, op. 316 (10´)

Baixo raios e tronos, op. 324 (3´)

Voces de primavera, op. 410 (6´)

Polca Pizzicato (composta en colaboración con Josef Strauss) (3´)

Polca do Tren do placer, op. 281 (3´)

Polca da Champaña, op. 211 (3´)

Polca Tritsch Tratsch, op. 214 (3´)

O Danubio azul, op. 314 (10´)

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

Adriana Winkler
(concertino)
Anca Smeu
(axuda de concertino)
Ildikó Oltai **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Michal Ryczal
Ilya Fisher
Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Elina Viksne
Helena Sengelow

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Teresa Cardoso (R)

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Thomas Piel
Ailsa Lewin
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Avelino Ferreira (R)

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Ismael Vidal (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llåtser **

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Juan Luis Novo (R)
Faustino Núñez (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Germán Agulló (R)
Pablo Salgueiro (R)
Pablo Cabanelas (R)

ARPA

Bleuenn Le Friec (R)

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

A obra da familia Strauss responde a unha capacidade artística creadora incomparable na historia da música e ofrece a posibilidade de recoñecer un alto grao de inspiración melódica e harmónica, ademais dun uso intelixente e equilibrado dos timbres. A feitura straussiana de valeses, polcas e marchas non queda en pura diversión ou música exclusiva para danza de salón senón que se trata dunha delicada estilización de aires populares centenarios que xermanos e maxiareos danzaron durante séculos. Dita estilización viuse gabada pola nobreza vienesa ante a necesidade de ofrecer música nas súas reunións sociais.

Nesa numerosa e musical saga vienesa dos Strauss, Johann II (fillo doutro menos famoso Johann) foi o compositor máis produtivo e, case con seguridade, o que situou o vals vienés no máis alto. A pesar da oposición do seu pai, o mozo Strauss estudou violín e composición e moi pronto dirixiu a súa propia orquestra, interpretando a súa música e a do seu pai. Co falecemento de Strauss I, o fillo uniu a orquestra paterna e a súa e co novo grupo levou este tipo de música á súa aristocratización e realizou exitosas e beneficiosas xiras de concertos por Europa e Estados Unidos, chegando a acadar o respecto da crítica e colegas non moi afíns ao seu estilo como Wagner ou Brahms, quenos finalmente declararon a súa admiración pola música bailable do vienés.

Strauss II escribiu centos de valeses, cada un deles, formado por unha cadea de melodías sinxelas e agradables precedidas en ocasións por preludios de aire dramático e pechadas con brillantes codas. Se ben o seu recoñecemento chegou a través deses valeses, durante a súa prolífica carreira tamén compuxo noutros xéneros, sobre todo polcas e marchas orquestradas con maestría e, en xeral, nomeadas con títulos descriptivos, que facían referencia a temas de actualidade na Viena de fins do século XIX: *Polca Champaña, Rosas do Sur, Bombóns de Viena, Festa das flores, Raios e tronos, Contos dos bosques de Viena* entre outras moitas.

Co seu afán de mellorar a súa posición social, Strauss II dedicoulle ao ministro de facenda de Austria, o barón

Carl Ludwig von Bruck a polca *Champaña*, unha partitura de inmensa enerxía e admirable orquestración na que incluíu no trío o estribillo dunha canción popular da época de Johann Fuß. Esta obra foi composta para a temporada de concertos do verán de 1858 en Pavlovsk (Rusia), serie para a que tamén foi creada, en 1869, a peza de nome orixinal *No Bosque Pavlovsk* (despois *No Bosque Krapfen*) que, para agradar ao seu público, dedicou ao bosque vienés Krapfen e na que o destaca o divertido canto do cuco.

En 1858, escribiu a polca *Tritsch-Tratsch*, un retrato musical da afición vienés de espallar rumores e cotilleos representado, con moito sentido do humor, polos murmurios da orquestra e o diálogo vivo entre os diversos instrumentos. O elemento humorístico nas súas obras tamén se observa na polca *Pizzicato* composta en 1869 polos irmáns Strauss, Josef e Johann que nes transformaron esa danza folclórica nun elegante e refinado baile para os salóns nobres da alta sociedade. A peculiaridade da interpretación está en que os instrumentos de cordas non empregan o arco senón que as pinzan cos dedos para facelas vibrar resultando un son menos ríxido, máis divertido, máis saltarín que inspira os pasos de baile da polca.

A popular polca de 1868, traducido o título literalmente *Baixo raios e tronos*, exemplifica o poder da orquestra para remitir a ese fenómeno natural. Un ano máis tarde, dedicou a peza *Salve Hungría!* "á nación húngara" en pleno Imperio Austro-Húngaro. Foi estreada en Pest e cita a melodía da *Marcha Rákóczi* de Berlioz, outro tema famoso dedicado a esa nación.

No Inverno de 1882-1883, Strauss aceptou o encargo dun vals para ser cantado pola soprano Bianca Bianchi para o que lle pediu o texto a Richard Genée, o libretista de *Unha noite en Venecia*, quen ademais proporcionou unha escea dramática na que "A Primavera chega en todo o seu esplendor e todas as penurias desaparecen". Este vals *Voces da Primavera* inmediatamente pasou a ser o favorito do público e para as cantantes, un

desafío técnico pola secuencia case ininterrompida de coloraturas, *staccati* e trinos.

A *Vergnügungszug* op. 281 é unha *schell polka* -variación da polca tradicional con ritmo máis rápido do habitual- debe a súa tradución como o *Tren do placer* pois, influenciada polo *galop*, bailábanse por parellas en liña arredor da sala. Esta peza basease na pola de Bohemia xa que un par das súas melodías acentúan o segundo ritmo do compás, especialmente na segunda metade da primeira sección; sen embargo, a construción xeral das seccións máis grandes é moi pouco convencional.

Pero no terreo dos vales, a peza estrela do catálogo de Strauss fillo é *O Danubio azul* (*No fermoso Danubio azul* ou incluso, máis correctamente, *Á beira do fermoso Danubio azul*). A primeira versión coral foi encargo do director dunha orquestra vienesa para que cantando, os vieneses esqueceran a derrota recente fronte a Prusia en 1866. Esa versión non tivo maior éxito pero unha vez interpretada -sen coros- na Exposición Universal de París no verán do ano da composición (1867) causou tal furor que para moitos a consideran o himno non oficial austríaco.

O encontro entre o compositor francés Jacques Offenbach, na súa visita a Viena en 1874, e Joseph Strauss fixo que este decidira probar coa composición de operetas, ata tal punto que escribiu 16 pezas do xénero permanecendo no repertorio: *O barón xitano* e *O morcego*. Esta última foi considerada como obra mestra do autor e a opereta vienesa por excelencia cuxa estrea supuxo o relanzamento da actividade cultural dunha Viena afectada por unha fonda crise económica que, tras o Venres negro, sacudía a toda Austria; a súa música expresa a maxia dunha cidade de grande capacidade creativa e optimismo. A brillante abertura, unha fantasía orquestral que comeza e remata da mesma forma, presenta os diferentes ambientes e motivos temáticos que despois aparecen ao longo da opereta, sendo o vals o elemento máis popular.

Xoves 17 de xaneiro

20,00 h

Os camiños de Castelao

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Grigori Nedobora, violín

E. W. Korngold, *Much Ado About Nothing*,
op. 11 (suite)

M. Quiroga (orq. Paul Daniel), *Alborada /
Danza argentina / Emigrantes celtas /
Himno*

D. Milhaud, *Le creation du monde, op. 81*

I. Stravinsky, *Suite Pulcinella (rev 1949)*

A. Piazzolla, *Libertango*

Cidade da Cultura. Santiago

Concerto fóra de abono

Xoves 24 de xaneiro

20,30 h

Clasiquísimo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Enrico Onofri, director e violín

W. A. Mozart, *Sinfonía núm. 10 en Sol maior*,
KV 74

G. B. Sammartini, *Sinfonía en La maior, J-C
62 para cordas*

F. J. Haydn, *Concerto en Sol maior Hob. VIIa:
4 para violín*

W. A. Mozart, *Sinfonía núm. 39 en Mi bemol
maior, KV 543*

19:45 h

Conversando con ... Enrico Onofri



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura